

EXPOSICIÓN

RITA RODRÍGUEZ ...DE DENTRO DE...

15 decembro 2006 – 18 febreiro 2007 **ESPAZO ANEXO**



DATAS

15 decembro 2006 - 18 febreiro 2007

LUGAR

Espazo Anexo (praza peonil posterior)

HORARIO

Espazo Anexo

martes a sábado (festivos incluídos), de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00

Domingos, de 11:00 a 14:00

ENTRADA GRATUÍTA

COMISARIO

Iñaki Martínez Antelo

PRODUCCIÓN

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

OBRAS EN EXPOSICIÓN

O proxecto de Rita Rodríguez para o Espazo Anexo do MARCO baséase en catro instalacións/accións abertas á participación do público, que establecen conexións entre a rúa e a sala de exposición, entre o espazo exterior e interior, ademais de intervencións en varios lugares do interior do Anexo. Unha destas accións será iniciada pola artista o mesmo día da inauguración, e continuada posteriormente polos propios visitantes.

INFORMACIÓN E VISITAS

Durante toda a exposición, e dentro do horario de apertura do Espazo Anexo, o persoal de salas estará a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa ao proxecto, ademais das visitas guiadas habituais:

- Todos os días ás 18.00
- Visitas "á carta" para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11 (ext. 307 ou 314)
- Visitas para asociacións, xoves e venres ás 17.00, previa cita no tel. 986 113900/11 (ext. 307 ou 314)

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO

Como peche da súa programación 2006, e comezando xa o ano 2007, o Espazo Anexo do MARCO exhibe unha proposta da artista **RITA RODRÍGUEZ** (A Coruña, 1981), que como todas as presentadas no Anexo foi creada e producida especificamente para este lugar, concibido como sala de proxectos para artistas emerxentes.

O título *...DE DENTRO DE...* resume dende o inicio a intención da artista, pois implica a idea de facer do Espazo Anexo unha prolongación da rúa, dos lugares de tránsito, establecendo un diálogo entre o exterior e o interior, e tamén entre os propios espazos interiores. A acción e a percepción do visitante —actos que implican certa temporalidade— configuran e alteran o ámbito expositivo, poboado de mecanismos que de xeito máis ou menos sutil invitan ao espectador a percibir a conexión entre lugares que semellan afastados entre si —o exterior e o interior— e que se *atopan* no momento en que o espectador e a obra lles permiten existir doutro xeito.

O proxecto baséase en catro instalacións/accións nas que se ofrece ao público a posibilidade de participar, de percibir, e polo tanto de 'construír' a obra:

- Na zona peonil sita sobre a cuberta da sala de exposicións, cinco micrófonos de condensación recollen os sons xerados a pe de rúa. Os micrófonos están conectados a varios auriculares pendurados do teito no interior da sala, e que se corresponden fisicamente coa situación de cada micro no exterior. Así, as persoas situadas no interior do Anexo escoitan os sons que se están a producir fóra, que 'pertencen' ao espazo exterior.
- Esta conexión exterior-interior reflíctese tamén nun teclado localizado na mesma zona peonil onde se sitúan os micrófonos. Calquera persoa pode intervir no espazo interior dende a rúa, escribindo palabras ou frases dende este teclado, que se verán reflectidas en tempo real nunha pantalla de texto situada xusto debaixo, no interior da sala, e que se amosa aos viandantes a través da parede de cristal do Anexo. Paradoxalmente, imposible de ver para quen está escribindo. Dado que o teclado permanece aceso día e noite, queda aberto a calquera tipo de 'contribución' espontánea, xerando un xogo que pode ser ou non compartido.
- En cada un dos baños interiores do Anexo —practicamente idénticos e situados un a carón do outro— instaláronse unha cámara e unha pantalla de proxección que recollen e proxectan, respectivamente, as imaxes do outro baño. Trátase de crear un cruce de impresións, un efecto espello, un xogo de percepción: o que a cámara está a gravar vese no outro baño, pero o espectador non o percibirá a non ser que 'algo ocorra' no outro espazo.

- Este xogo de percepción e conexión entre espazos interiores está presente tamén noutra intervención que afecta a dous espazos situados nos extremos da sala de exposición: o escuro corredor tras os baños —onde se instalou unha cámara de gravación— e a saliña de proxección no lado oposto, tamén pintada de preto, pero cunha pantalla completamente branca construída a base de xiz desta cor. Sobre esta pantalla proxéctanse en tempo real as imaxes gravadas no corredor situado no outro extremo: preto proxectado sobre preto, que se irá transformando en branco a partir dunha serie de accións iniciadas pola artista o día da inauguración, e que consisten en ir retirando anaco a anaco o xiz branco que conforma a pantalla para realizar debuxos sobre a parede preta da sala-corredor. A partir de aí os visitantes poderán ir collendo xiz e debuxando na parede de xeito que, nun gradual efecto pictórico, a pantalla branca se vai volvendo preta, e o espazo preto se vai transformando en branco mediante as formas e debuxos que cada espectador vai aportando para a construción desta peza.

En todas estas accións ou intervencións ofrécese ao público a posibilidade de interactuar co contorno, moi especialmente naqueles lugares que por familiares ou comúns adoitan pasar desapercibidos: a rúa, os baños, os escaparates e zonas peonís. Trátase de dar e recibir; de dar para percibir, ás veces sen previo aviso, poñendo a proba a sensibilidade ou capacidade de percepción do espectador. Algo, por outra parte, xa presente en anteriores traballos desta artista, nos que investigaba novas combinacións e relacións entre o público/social e o privado/íntimo a través da experiencia do son e da voz humana, e do corpo como vehículo de transmisión.

Se ben todo forma parte do mesmo proceso, estas conexións auditivas, visuais, ou sensoriais entre distintos espazos serven á artista como medio para tentar desfacer a complexa trama do cotiá; para partir dunha experiencia sensorial e chegar a un mellor coñecemento: “conseguir que en medio de ‘o de sempre’ algo escintile un día; evitar a cegueira do cotiá; nisto reside a beleza”.

Como un exercicio analítico e tamén de síntese, a proposta do Espazo Anexo reúne varios riscos distintivos da obra de Rita Rodríguez: a atención ao espazo como punto de partida, como escenario; as contraposicións ou puntos de inflexión entre o estrutural e o orgánico, como metáforas do corpo e das normas e convencións ás que está suxeito; e, sobre todo, a relación coas persoas, cos visitantes, e a súa implicación como parte integrante da obra, como emisores e receptores, como compoñente físico que aporta corporeidade a un espazo aparentemente “baleiro”.

DATOS BIOGRÁFICOS

Rita Rodríguez (A Coruña, 1981)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Especialidades de Escultura, Deseño e Audiovisuais. D.E.A. en Escultura pola Universidade de Vigo

2006

- *RUIDO!* 3 Performances en Galería DF Arte Contemporánea, Santiago de Compostela
- *Resistentes*. Pazo da Cultura, Pontevedra
- *Diferentes*. Museum Kloster Asbach, Alemaña
- Bolsa Novos Valores 06, Deputación de Pontevedra
- Performance no programa *Arte no Parque*. CGAC, Santiago de Compostela
- V Certame Internacional de Artes Plásticas. Deputación de Ourense (Obras seleccionadas)
- *DESCENTROS*. Exposición individual en La Bola de Cristal, Pontevedra
- *Boas Pezas*. Sala X da Facultade de Belas Artes, Pontevedra
- *AP9-A3 Maus Hábitos*, Porto
- *ENGRENAXES* Exposición individual en Galería DF, Santiago de Compostela
- Performance en ALT'06, Festival Alternativo de Teatro e Danza, Vigo
- Performances en Transit Station, Ocean Terminal, Edimburgo

2005

- Residentes 05. Caixa Galicia, Bolsa en residencia, Santiago de Compostela
- Performance no taller *O xogo, o discurso e o corpo*. MARCO, Vigo
- Performances en IMÁN, Casa das Artes, Porto

2004

- Beca Erasmus. Kingston University. Londres
- Performances en Werktag I e II, Berlín
- *Eu, museo*. Participación en Concurso de ampliación do Centro de Arte Ego. MARCO, Vigo

2003

- Taller Pablo Ruiz Picasso. MACUF, A Coruña
- *s.t. clusión*. Facultade de Belas Artes, Pontevedra
- *Taller de cuarto*. Galería Sargadelos, Pontevedra

2003-02

- Colectivo Cuadrante Norte
- Bolsa de creación CIEC

2001

- 16. Exposición individual en *O Dezaseis*, Santiago de Compostela

2000

- *Paraísos de Eva*. Facultade de Belas Artes, Pontevedra

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN

RITA RODRÍGUEZ ...DE DENTRO DE...

MATERIAL GRÁFICO DISPONIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, ENCHA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo-e:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.